

## **ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE**

**Sesión do 17 de xullo de 2015**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 17 de xullo de 2015, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación das actas anteriores (Ordinaria 02/06, Extraordinarias 15/06 e 02/07 de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, para que apareza reflectido no Regulamento de réxime interno de que a duración das clases será de 55 minutos**
- 4. Aprobación, se procede, do uso para o alumnado de 3º ciclo do seminario de Historia do Pavillón 1**
- 5. Valoración da conveniencia de centralizar o gasto**
- 6. Aprobación, se procede, do Regulamento da delegación de alumnos**
- 7. Valoración da introdución de modificacións no PAT, así como no sistema de queixas, suxestións e parabens**
- 8. Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción e se procede, introdución de melloras**
- 9. Recoñecemento de créditos ECTS da actividade “Lactación, corpo e sexualidade. Olladas históricas”**
- 10. Rogos e preguntas**

- 1. Lectura e aprobación das actas anteriores**

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Montse Iglesias (asuntos persoais), Ángeles Coello (prácticas), Beatriz Vaquero (Consello de Goberno) e Fermín Pérez (tribunal TFM).
- Veu aprobado o Plan de viabilidade para a Facultade de Historia pola ACSUG. Valóranse como puntos fortes a consolidación do profesorado, a vinculación dun máster cun programa de doutoramento, as prácticas obrigatorias, a posta en marcha da semipresencialidade e a oferta de prácticas en empresas. Como puntos débiles nos indican a baixa taxa de graduación así como que si non se cumpren cos mínimos de alumnos matriculados tería que plantexarse a posibilidade dun único programa troncal con diversas orientacións ou mencións.
- Estase a pedir o código da impresora/fotocopiadora canon para poñer ao día o listado e facer un reaxuste dos que xa non se utilicen. Comenta a decana que hai que tratar de imprimir a dobre cara e en branco e negro, na medida do posible, e para iso se lles pediu aos bolseiros informáticos unhas instrucións para poñer por defecto estas opcións no ordenador. Estas instrucións se enviarán ao profesorado por correo electrónico.
- Lémbrese ao profesorado que envíen os informes do PAT, así como os partes de sinatura dos exames da convocatoria de xullo.
- A decana mantivo unha xuntanza co vicerreitor do campus e nela se informou do seguinte:
 

Aos edificios do campus, fóra do horario de apertura, se vai ter acceso coa tarxeta universitaria.

Vaise elaborar un protocolo unificado para a celebración dos actos de graduación nos centros.

Se asinou o Convenio de cooperación educativa co Concello de Ourense.
- Comenta a decana que para o curso que ven as materias de 2º curso entran na plataforma moodle. Cédelle a palabra á profesora Beatriz Comendador que explica que está a facer unha estrutura na plataforma para que cada docente complete a información. Comenta que sería bo que se especificara que entregas van contar para a avaliación e elaborar un calendario de entregas.
- Informa a decana que ata o de agora hai 24 matriculados en 1º curso. Destes alumnos hai algúns, sobre todo os da modalidade de semipresencialidade, que van solicitar recoñecementos e que xa non computan polo que hai que incidir en que como se aprobou o plan de viabilidade no que se aposta pola semipresencialidade estes alumnos conten como alumnos de 1º.

**3. Aprobación, se procede, para que apareza reflectido no Regulamento de réxime interno de que a duración das clases será de 55 minutos**

Había unha demanda por parte do alumnado de que non se solapasen tanto as clases polo que se solicitou que estas foran de 55 minutos e que o docente saíse puntual da aula. O profesor Ladislao Castro comenta que algúns profesores, de motu propio, decidiron entrar ás “e cinco” e saír a “menos cinco”.

Despois dun breve debate, apróbase a opción presentada polo profesor Ladislao, polo que as clases terán unha duración de 50 minutos.

**4. Aprobación, se procede, do uso para o alumnado de 3º ciclo do seminario de Historia do Pavillón 1**

Despois da demanda por parte da profesora María López das carencias de espazos para o alumnado de 3º ciclo, buscou a posibilidade de uso do seminario de Historia do pavillón 1, logo do seu acondicionamento.

Apróbase o uso deste espazo.

**5. Valoración da conveniencia de centralizar o gasto**

A partir de agora os pedidos e a facturación se van facer electronicamente a través dunha plataforma. A partir dun curso que se deu do aplicativo xurdiu a proposta de que se centralice o gasto, en lugar do crédito de cada profesor, para o material non inventariable.

Despois dun intercambio de opinións se acorda facer o que se facía ata o de agora.

**6. Aprobación, se procede, do Regulamento da delegación de alumnos**

Tras unha serie de comentarios feitos pola profesora Beatriz Comendador, apróbase o Regulamento da delegación de alumnos.

**7. Valoración da introdución de modificacións no PAT, así como no sistema de queixas, suxestións e parabens**

Non se ve a necesidade de cambiar nada no PAT xa que está funcionando ben. Con respecto ao sistema de queixas, suxestións e parabens como é un servizo centralizado non se poden facer modificacións.

**8. Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción e se procede, introdución de melloras**

A decana informa de que a participación subiu moito tanto no profesorado coma no alumnado. O profesorado tivo unha participación do 91,67% (46,15% curso pasado) e o alumnado do 53,6% (22,7% curso pasado).

En canto aos resultados, estes tamén foron moi bos. O índice de satisfacción subiu un 7,14%, sendo o grao de satisfacción do estudantado o primeiro na Universidade de Vigo.

A idea é manter a participación no profesorado e mellorar a do estudantado.

A decana di que con estes resultados temos que felicitarnos polo esforzo realizado.

**9. Recoñecemento de créditos ECTS da actividade "Lactación, corpo e sexualidade. Olladas históricas"**

A decana organiza como docente da facultade un curso sobre a lactación ao longo da historia, conta con subvencións por parte de distintas institucións.

Apróbase a realización do curso.

**10. Rogos e preguntas**

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

## XUNTA DE FACULTADE

## ORDINARIA

17/07/2015

	ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN	SI	
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA	SI	
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO	SI	
CID NARVÁEZ, DANIEL	SI	
COELLO FDEZ, M <sup>a</sup> ANGELES		SI
COMENDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M <sup>a</sup> DOLORES		NO
FDEZ CONTRERAS, M <sup>a</sup> CARMEN	SI	
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT		SI
GÓMEZ MANSO, BELÉN		NO
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE		NO
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA	SI	
MORENZA ARIAS, DAVID	SI	
MORODO DEL RÍO, JOSE		NO
PÉREZ LOSADA, FERMÍN		SI
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER	SI	
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO	SI	
PRESEDO GARAZO, ANTONIO	SI	
REAL LÓPEZ, ARTURO		NO
REBOREDA MORILLO, SUSANA	SI	
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI		NO
SIXIREI PAREDES, CARLOS		NO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE	SI	
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO		SI
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ		SI